

RESOLUCIÓN REITORAL SOBRE A COTIZACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL DO ALUMNADO QUE REALICE PRÁCTICAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES NON REMUNERADAS

O Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, no seu artigo único "Modificación do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro", no punto trinta e catro engade unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda, que no seu punto 4 establece:

"O cumprimento das obrigacións á Seguridade Social axustarase ás seguintes regras:

a) No caso das prácticas formativas remuneradas, o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá para estes efectos a condición de empresario. No caso de que o programa estea cofinanciado por dúas ou máis entidades ou organismos, terá a condición de empresario aquel ao que corresponda facer efectiva a respectiva contraprestación económica.

As altas e as baixas na Seguridade Social practicaranse de acordo coa normativa xeral de aplicación.

b) No caso das prácticas formativas non remuneradas, o cumprimento das obrigacións de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización dispoña que as tales obrigacións corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa. Quen asuma a condición de empresario deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que facilite o centro onde se realice a práctica formativa."

Á vista deste novo marco legal, que entrará en vigor a partir do próximo 1 de xaneiro de 2024,

RESOLVO

A Universidade da Coruña asumirá desde o 1 de xaneiro de 2024 a cotización e a tramitación da alta na Seguridade Social dos e das estudantes en prácticas externas curriculares e extracurriculares non remuneradas, salvo acordo expreso das partes en contrario, en tanto se manteña en vigor a Disposición Adicional 52ª do Real Decreto-Lei 2/2023, do 16 de marzo.

Código Seguro De Verificación	FjJz5rQJUMqcN/ZWDi6gxQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	16/10/2023 09:47:35
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FjJz5rQJUMqcN/ZWDi6gxQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

